

DECRETO

DON Ramón Manuel Cabarcos Rodriguez, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Urbanismo do Excmo. Concello de Lugo.

Aprobación da consulta pública previa no procedemento de aprobación dunha ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, constitúe o marco legal do dereito constitucional á autonomía local e atribúe aos municipios a potestade regulamentaria no seu artigo 4.

No uso desta postestade, o Pleno do Concello de Lugo aprobou definitivamente a Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica na sesión ordinaria do día 01.12.1997, e publicándose no boletín oficial da provincia (BOP) do 16.12.1997. Posteriormente, o día 03.02.2003 aprobouse unha modificación das disposicións adicionais sétima e oitava, publicada no BOP do 01.03.2003, na que se lle deu un novo contido á relación das zonas saturadas onde se limita a concesión de licenzas.

Esta ordenanza, que supuxo un fito na normativa municipal, constituíuse nunha ferramenta útil para harmonizar distintos intereses; contribuíu por unha parte a garantir os dereitos fundamentais á inviolabilidade do domicilio, á protección da saúde ou a un medio ambiente axeitado dos artigos 18, 43 e 45 da Constitución española, respectivamente; asemade, por outra parte a cumprir coa lexislación derivada da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no mercado interior, que liberaliza a súa prestación coa finalidade de dinamizar a actividade económica mediante a simplificación de procedementos e trámites, procurando unha maior claridade e transparencia no eido administrativo.

Non obstante, os avances normativos, sociais e tecnolóxicos, motivan a necesidade dunha nova ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica que adapte a normativa municipal ás novas circunstancias sociais e económicas, e tamén o ordenamento xurídico vixente nesta materia, constituído polo Real decreto 1371/2007 –coas modificacións do Real Decreto 1675/2008-, polo que se aprobou o documento “DBHR protección fronte o ruído” do Código técnico da edificación; o Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, que desenvolve a Lei 37/2003 no tocante á valoración da xestión do ruído ambiental; o Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, que desenvolve a Lei 37/2003, do ruído, no tocante á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas; e finalmente, ó Decreto 106/2015, sobre contaminación acústica de Galicia.

En Galicia e no eido das actividades ditáronse un conxunto de normas que inciden na materia entre as que cómpre citar a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que adaptou a Directiva 2006/123/CE á normativa autonómica e foi desenvolvida polo Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado polo Decreto 144/2016, do 22 de setembro. Ademais, a Lei 10/2017, do 27 de decembro, que regulou os espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. E neste ámbito o Concello de Lugo aprobou unhas “Instrucións básicas de actuación nas declaracións de actividades económicas, empresariais, profesionais, industriais o comerciais”, que estableceron as prioridades no control e inspección das actividades.

Polo tanto, o tempo transcorrido desde a aprobación da vixente Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica aconsella a súa actualización, en uso da potestade regulamentaria municipal que nos artigos 123 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), atribúen ao Pleno da corporación a aprobación ou modificación de ordenanzas e regulamentos previa aprobación dos correspondentes proxectos pola Xunta de Goberno Local, como expresión normativa do dereito constitucional á autonomía local e como consecuencia da antedita competencia regulamentaria que a Lei 7/1985 establece con carácter xeral no seu artigo 4.

O procedemento para a súa aprobación regúlase no artigo 49 da LRBRL, aínda que o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA), estableceu como medida de participación dos cidadáns na elaboración normativa a consulta previa e pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre;

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Todo isto de conformidade co disposto nos artigos 129.4 e 129.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) no tocante ós principios de seguridade xurídica, eficiencia administrativa e boa regulación.

Xa que logo, de conformidade co artigo 133 da LPA, do artigo 70 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA) e o artigo 2 do Regulamento de participación cidadá do Concello de Lugo, en cumprimento dos obxectivos e principios que procuran a intervención, participación e consulta dos veciños na xestión municipal e nos asuntos públicos individualmente

ou mediante as asociacións que os representen, e coa finalidade de que os destinatarios da norma realicen as achegas que consideren oportunas, **RESOLVO**;

1º.- Realizar a consulta previa con relación á elaboración dunha Ordenanza xeral municipal reguladora da contaminación acústica.

2º.- Establecer un prazo de quince días naturais para a consulta pública, contados dende a data de inserción da mesma na páxina web do Concello de Lugo, sendo os destinatarios as persoas físicas empadroadas no Concello de Lugo así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que os representen ou puidesen resultar afectadas pola futura norma.

3º.- Ordenar a súa publicación no portal web do Concello de Lugo.

Asinado dixitalmente
O Tenente de Alcaldesa delegado da Área de Urbanismo

Cúmprase.